

1.- Número 37 de INFORMEST

Está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, apartado de PUBLICACIÓNS, o **número 37 de INFORMEST**, que inicia unha nova serie de boletíns con novos contidos e periodicidade cadrimestral. Este número ten o seguinte sumario:

- Colaboración: Reclamando danos económicos e ambientais coa utilización de métodos cuantitativos no xuízo do buque Prestige.
- Entrevista a Eduardo García Portugués.
- Actividades da SGAPEIO:
 - Xornada sobre o Ensino da Estatística.
 - IV edición do concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos.
- Novas do IGE: Últimas novidades en publicacións e documentos do IGE.
- Traballos de Estatística no SUG: teses, tesañas e traballos fin de máster.
- Coñecendo a un socio de SGAPEIO: Ignacio García Jurado.
- Sabías qué?: Romper segredos coa Estatística.

2.- Curso de introdución a R: Software libre para PEMES

A SGAPEIO, en colaboración coa Facultade de Matemáticas, organiza o curso **Introdución a R: software estatístico libre para PEMES** dirixido a pequenas e medianas empresas que queren iniciarse no tratamento de datos estatísticos con R (empresas que fan actividades demoscópicas, estudos de mercado, análise de datos en departamentos de I+D,...).

O curso conta cunha parte presencial (12 horas) e unha parte non presencial (9 horas) na que o alumno deberá resolver prácticas con bases de datos e envialas por correo electrónico.

Parte presencial:

- Lugar: Facultade de Matemáticas (Santiago de Compostela).
- Datas: 6, 13, 20, e 27 de outubro de 2014.
- Horario: 17:00 - 20:00 h.

Prezo:

- Socios/as de SGAPEIO: 50 €.
- NON socios/as: 80 €.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO (www.sgapeio.es). O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2014.

3.- Resolución da IV Fase Nacional “Incubadora de Sondeos y Experimentos”

Os días 2 e 3 de xullo de 2014 tivo lugar en Granada a IV Fase Nacional dos concursos tipo **Incubadora de Sondeos y Experimentos**, coa participación de oito fases locais. O traballo que representaba a Galicia na categoría de Bacharelato e Ciclos Formativos obtivo unha Mención Especial neste concurso:

- **Título:** Introducción á análise sensorial. Estudo hedónico do pan no IES Mugardos.
- **Centro:** IES de Mugardos.
- **Titora:** Covadonga Rodríguez-Moldes Rey.
- **Alumnos:** Verónica González Regueiro, Carlos Rodeiro Matriz, Carmen María Sanmartín Fero, Sergio Vila Plana.

A relación completa de traballos premiados nesta IV Fase Nacional da “Incubadora de Sondeos y Experimentos” pode consultarse na páxina web da SEIO: <http://www.seio.es/Incubadora/premiados-2013-14.html>

4.- Curso de Recursos didácticos do portal educativo do IGE

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) convoca o curso en rede titulado "Recursos didácticos do portal educativo do Instituto Galego de Estatística".

Este curso está dirixido a profesores de ESO/Bacharelato de Matemáticas, Xeografía e Historia e Economía, e impartirase no segundo trimestre do curso 2014/15.

Data límite de inscrición: 12 de decembro de 2014.

Máis información: [https://www.edu.xunta.es/fprofe/procesaConsultaPublica.do?DIALOG-EVENT-ver=ver&cod_activade=61206](https://www.edu.xunta.es/fprofe/procesaConsultaPublica.do?DIALOG-EVENT-ver=ver&cod_actividade=61206)

5.- Convocatoria do Programa IACOBUS 2014-2015

Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNPAECT) publica a 1ª convocatoria ao abeiro do **Programa IACOBUS** para o curso 2014-2015 destinada a desenvolver un sistema de intercambio transfronteirizo de profesores, investigadores e persoal administrativo e de servizos, entre institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que asinaron o “Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal”, en Vigo, o día 11 de abril de 2014.

Poden optar a participar neste programa:

- Persoal docente e investigador (PDI);

- Investigadores pre-doutorais ou post-doutorais con relación de investigación en vigor cunha Universidade ou outra institución de Ensino Superior dos especificados na convocatoria;
- Persoal administrativo e de servizos (PAS).

Presentación de solicitudes: ata o 30 de xullo de 2014.

Máis información: <http://www.gnpaect.eu/>

AVISO: A SGAPEIO suspende o envío das novas quincenais ata o mes de setembro. Que pasedes un bo verán!

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>